



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILABOA

ANEXOS O
DOCUMENTO DE INICIO

ESTUDO DO MEDIO RURAL E
MODELO DE ASENTAMENTO
POBOACIONAL

2- MODELO DE ASENTAMIENTO POBOACIONAL (MAP)

INDICE

1. O MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL	2
1.1. A ESTRUCTURA E A XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL	2
1.2. A POBOACIÓN POR PARROQUIAS	3
1.2.1. PARROQUIA DE SANTA COMBA DE BÉRTOLA.....	5
1.2.2. PARROQUIA DE SANTO ADRÁN DE COBRES.....	5
1.2.3. PARROQUIA DE SANTA CRISTINA DE COBRES	6
1.2.4. PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ DE FIGUEIRIDO.....	6
1.2.5. PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE VILABOA	7
1.3. O PARQUE EDIFICATORIO DE VIVENDAS POR PARROQUIAS	8
1.3.1. SANTA COMBA DE BÉRTOLA	8
1.3.2. SANTO ADRÁN DE COBRES	8
1.3.3. SANTA CRISTINA DE COBRES	9
1.3.4. SANTO ANDRÉ DE FIGUEIRIDO	9
1.3.5. SAN MARTIÑO DE VILABOA.....	10
1.4. ESTRUCTURACION DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.....	11
1.4.1. OS NÚCLEOS URBANOS	11
1.4.2. OS NÚCLEOS RURAIS	11
1.4.3. EVOLUCIÓN DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.....	11
1.4.4. A TIPOLOXÍA E CATEGORIZACIÓN DOS ASENTAMENTOS.....	15
1.5. ANÁLISE PORMENORIZADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.....	16
1.5.1. OS USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN.....	16
1.6. AS TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS	18
1.6.1. TIPOLOXÍAS URBANAS.....	18
1.6.2. TIPOLOXÍAS RURAIS	19

1.O MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

1.1.A ESTRUCTURA E A XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL.

O termo municipal de Vilaboa ofrece un hábitat concorde coas características específicas dos asentamentos humanos propios dunha zona do litoral de Galicia, coas particularidades propias da benignidade do habitat, que se relaciona coa súa inserción nunha enseada natural, que lle achega unha das súas principais cualidades ambientais polas súas condicións de situación e clima.

A estrutura parroquial de Vilaboa está composta actualmente por cinco parroquias: Bértola, Cobres (S. Adrán), Cobres (Sta. Cristina), Figueirido e Vilaboa.

A fin de situar a Vilaboa comparativamente no seu contexto territorial imos analizar algúns dos parámetros básicos que teñen como referente á estrutura parroquial. Vilaboa, como xa dixemos, conta con cinco parroquias, sendo a media comarcal de 8,8, a provincial de 10,8 e a galega de 12,1. A superficie media por parroquia é aquí de 741 Ha, cando a media comarcal é de 900,4 Ha, a provincial de 868 e a galega de 857, tratándose polo tanto de parroquias pequenas, sobre todo se temos en conta que a media comarcal supera á provincial e a galega, polo tanto non se trata dunha característica propia da zona.

Os elementos básicos que regulan a estrutura territorial do concello de Vilaboa son principalmente tres:

- A forte influencia das vilas de Vigo e Pontevedra como as máis importantes da provincia.
- As condicións topográficas do territorio, que controlan a estruturación dos núcleos e o territorio vilaboense, mesmo climatolóxica e ambientalmente falando.
- A estrutura viaria básica, condicionada en gran medida pola topografía comarcal, que converte a Vilaboa nun enclave estratéxico e punto de paso obrigado para as vías de comunicación entre as Rías Baixas do sur e a zona norte de Galicia.

Estes tres factores, que acadan máis importancia, se cabe, canto máis atrás nos remontemos no tempo, sobre todo os dous últimos, que foron os que condicionaron a estruturación e desenvolvemento interno do municipio.

O aspecto máis destacable da estrutura territorial é a concentración de poboación e actividade arredor da franxa costeira e os vales. Ademais é nesta zona onde está a crecer con máis forza a poboación, pois é imparable a invasión poboacional procedente das dúas vilas xa citadas, como se reflicte nos datos do último ano con notables aumentos poboacionais.

Outra cuestión a subliñar é a continuidade espacial que se produce entre as zonas habitadas, mercé á secuencia de interconexión dos vales nos que se asentan ou da costa encaixada pola topografía, o que evita as dispersións espaciais que se producen noutros concellos con características territoriais máis alternadas ou de maior extensión superficial (Vilaboa é un concello de tamaño pequeno) que permiten máis doadamente a existencia de secuenciacións espaciais continuas do territorio. Mesmo se dá en moitos casos a continuidade física dos núcleos.

O terceiro aspecto a salientar sería a tendencia a un certo aumento do espaxamento da edificación que se produciu en moitas zonas do concello no último século, pero acentuado na súa dispersión nas últimas décadas, fronte á escaseza deste tipo de asentamento que operaba denantes. A expansión que se ten producido sobre estas zonas tivo a súa razón operativa nas propias características do territorio e nas esixencias dunha lexislación do solo allea, mais pensada na estruturación do resto do estado, que propiciaba ese fenómeno, mesmo que fose de forma indirecta, aínda que con moita menor intensidade que noutras zonas máis dinámicas como as da Galicia costeira, ata a aparición da lexislación do solo específica de Galicia (LASGA, LSG).

A evolución da ocupación¹ (densidade) do territorio ao longo do século pasou de 111,3 hb/Km² en 1900 a 155,2 no 2002. A densidade máis alta produciuse en 1981 (159,9 hb/Km²).

Por parroquias e referidas ao 2001, as densidades de poboación son as seguintes:

Bértola.....	141,5
Cobres (S. Adrán).....	166,3
Cobres (Sta. Cristina).....	152,4
Figueirido.....	135
Vilaboa.....	165,9
	<hr/>
TOTAL	155,5 Hab/Km ²

Estas densidades marcan niveis de ocupación moi uniformes, que reflicten a ausencia dunha xerarquización parroquial marcada, dado que non existe unha zona de acusada centralidade que marque un patrón xerárquico entre as parroquias.

Deste xeito, a estruturación territorial xira máis ben arredor da dependencia ou proximidade ás vilas, e funciona a capitalidade municipal como elo intermedio de servizos co resto das parroquias por concentración dos que acadan un nivel municipal. O resto das parroquias non ten transcendencia xerárquica salientable dentro do concello.

No que atinxe a outras características da estrutura territorial dende a óptica parroquial hai que destacar que, por regra xeral, existe unha disposición de bó nivel de artellamento, no que fai a vías, explotación de recursos, etc. o que non quita para que exista unha certa diferenciación parroquial en base a elementos ou conxuntos de elementos do medio físico, vías de comunicación, situación respecto do conxunto, estrutura da propiedade, etc.

Faremos agora unha incursión mais pormiudada polos datos da evolución da poboación e as vivendas por parroquias, aos efectos de contextualizar mellor o modelo de asentamento.

1.2.A POBOACIÓN POR PARROQUIAS.


Para a análise polo miúdo da dinámica demográfica no concello, procedeuse ao estudo particular da evolución demográfica en cada unha das parroquias. Hoxe en día, a emerxencia de fortes procesos urbanizadores en determinados territorios, parecen poñer en dúbida a valía da entidade parroquial para a análise espacial sociodemográfica. No entanto, no territorio de Vilaboa, é posible manter esta unidade como referente espacial válido, aínda cando a súa delimitación foi produto da autoridade eclesiástica. Esta última consideración non pode obviar o recoñecemento dun importante grao de ocupación do solo, feito que vén de dificultar a análise en ámbitos inframunicipais.

Nos cadros que seguen móstranse as densidades de poboación do concello e das parroquias que o integran, así como a súa evolución sobre os últimos datos censuais e municipais, (censos do INE de 1970, 1981, 1991, 2001 e datos do Nomenclátor de 2007). Reflictese igualmente a porcentaxe da superficie por parroquias para unha mellor apreciación dos datos.

Consecuentemente, as densidades de poboación amósanse diferentes; así no ano 2007 a densidade máis alta do total municipal correspóndelle a Vilaboa cun valor de 378,2 hab/km², por riba do resto das parroquias e do conxunto comarcal, para logo seguir nesta orde: 298,8 hab/km² para Santo Adrán de Cobres, 236,6 hab/km² para Bértola, 163,5 hab/km² para Figueirido e por último 37,6 hab/km² para Santa Crisitna de Cobres, sendo a súa densidade mesmo inferior que a do conxunto galego (93,7 hb/km²).


¹ Todos os datos de poboación que se van a manexar refírense á poboación de feito, agás que se indique o contrario, no texto.

Evolución das densidades de poboación das parroquias de Vilaboa (1970-2007)




Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Elaboración propia.

Concello de Vilaboa. Porcentaxe das superficies parroquiais



Poboación municipal por parroquias. Nomenclátor 2007



Densidade de poboación do concello por parroquias


	km ²	Pob 1970	Pob 1981	Pob 1991	Pob 2001	Pob 2007	Dens. 1970	Dens. 1981	Dens. 1991	Dens. 2001	Dens. 2007
Bértola	4,35	615	703	612	605	725	141,4	161,6	140,7	139,1	166,7
San Adrián de Cobres	7,56	1.345	1.408	1.430	1.388	1.455	177,9	186,2	189,2	183,6	192,5
Santa Cristina de Cobres	7,76	930	1.108	1.114	1.149	1.175	119,8	142,8	143,6	148,1	151,4
Figueirido	3,74	756	817	810	805	803	202,1	218,4	216,6	215,2	214,7
Vilaboa	13,4	1.748	1.965	1.819	1.808	1.857	130,1	146,2	135,3	134,5	138,2
Concello	36,9	5.394	6.001	5.785	5.755	6.015	146,4	162,8	157,0	156,2	163,2

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Elaboración propia.

1.2.1.PARROQUIA DE SANTA COMBA DE BÉRTOLA.

A parroquia de Santa Comba de Bértola presenta signos positivos de crecemento, tal como se aprecia na seguinte gráfica. Nestes 37 anos o comportamento total é positivo, nunha porcentaxe do 17,9%, o que, en valores absolutos, supón un aumento de 100 habitantes, sendo o comportamento irregular: 14,3% entre 1970 e 1981, -12,9% entre 1981 e 1991, -1,1% entre 1991 e 2001, e entre 2001 e 2007 un 19,8%. Santa Comba de Bértola supón no ano 2007 o 12 % da poboación municipal, sendo a parroquia menos poboada, e o 12 % da superficie do concello, sendo a segunda parroquia menos extensa.

Evolución demográfica da parroquia de Santa Comba de Bértola (1970-2007)




Fonte: *Instituto Nacional de Estadística*. Elaboración propia.

1.2.2.PARROQUIA DE SANTO ADRÁN DE COBRES.

Santo Adrán de Cobres presenta signos positivos de crecemento, tal como se aprecia na gráfica. Nestes 37 anos o signo global é positivo, nunha porcentaxe do 8%, o que supón un aumento de 110 habitantes, sendo o comportamento irregular, con crecemento continuo entre 1970 e 1991, descenso do 2,9% en 1991-2001, para logo aumentar un 4,8% en 2001-2007. Santo Adrán de Cobres supón no ano 2007 o 24% da poboación municipal, sendo a segunda parroquia máis poboada, e o 21% da superficie do concello, sendo a terceira parroquia máis extensa.


Evolución demográfica da parroquia de Santo Adrán de Cobres (1970-2007)



Fonte: *Instituto Nacional de Estadística*. Elaboración propia.


1.2.3. PARROQUIA DE SANTA CRISTINA DE COBRES.

Santa Cristina de Cobres presenta signos positivos de crecemento, tal como se aprecia na gráfica. Nestes 37 anos o signo global é positivo, nunha porcentaxe do 26,3%, o que supón un aumento de 245 habitantes, sendo o comportamento irregular, cun forte crecemento (19,1%) no primeiro decenio, 1970-1981, e un crecemento moi baixo nos seguintes períodos: 0,5% entre 1981 e 1991, 3,1% entre 1991 e 2001, e entre 2001 e 2007 un 2,3%. Santa Cristina de Cobres supón no ano 2007 o 20% da poboación municipal, sendo a terceira parroquia máis poboada, e o 21% da superficie do concello, sendo a segunda parroquia máis extensa.




1.2.4. PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ DE FIGUEIRIDO.

A parroquia de Santo André de Figueirido tamén presenta signos positivos de crecemento, tal como se aprecia na gráfica. Nestes 37 anos o signo global é positivo, nunha porcentaxe do 6,2%, o que supón un aumento de 47 habitantes, sendo o comportamento irregular: entre 1970 e 1981 prodúcese o único crecemento deste período, 8,1%, logo períodos de descenso feble, entre o -0,9% de 1981-1991 e o -0,2% de 2001-2007. Santo André de Figueirido supón no ano 2007 o 13 % da poboación municipal, sendo a segunda parroquia menos poboada, e o 10 % da superficie do concello, sendo a parroquia menos extensa.



1.2.5.PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE VILABOA.

Vilaboa presenta signos positivos de crecemento, tal como se aprecia na gráfica. Nestes 37 anos o signo global é positivo, nunha porcentaxe do 6,2%, o que supón un aumento de 109 habitantes, sendo o comportamento irregular, cun forte crecemento (12,4%) no primeiro decenio, 1970-1981, un crecemento negativo nos dous períodos intermedios, e un crecemento feble no último (2,7%). San Martiño de Vilaboa supón no ano 2007 o 31% da poboación municipal, sendo a parroquia máis poboada, e o 36% da superficie do concello, sendo a parroquia máis extensa.



1.3. O PARQUE EDIFICATORIO DE VIVENDAS POR PARROQUIAS.

Para traballar nesta análise, contamos cos datos oficiais dos censos de Poboación e Vivendas do INE dos anos 1970, 1981, 1991 e 2001. Contamos cos datos do último censo de Poboación e Vivendas do ano 2001: nel atopamos información de grande interese para caracterizar cada un dos concellos da comarca de Pontevedra, comarca na que se inscribe o termo municipal de Vilaboa, así como do propio concello.


Neste concello rexístrase unha dinámica claramente ascendente no relativo á evolución no número de vivendas. No seguinte cadro detállanse o total de vivendas por parroquias de Vilaboa entre 1970 e 2001.

Evolución do número de vivendas por parroquias				
	1970	1981	1991	2001
BÉRTOLA	155	182	219	234
STO. ADRÁN DE COBRES	309	399	438	501
STA CRISTINA DE COBRES	237	287	407	500
FIGUEIRIDO	171	200	234	250
VILABOA	422	522	575	592
CONCELLO	1.294	1.590	1.873	2.077

Fonte: *Censos de Población y Viviendas. Instituto Nacional de Estadística. Elaboración propia.*

1.3.1.SANTA COMBA DE BÉRTOLA.


Entre 1970 e 2001 a parroquia de Bértola experimenta un incremento do seu parque de vivendas do 51,0 %, o que supón un aumento de 79 vivendas. O período intercensal de maior ascenso é 1981-1991, cun 20,3 %, e o de menor ascenso é 1991-2001, cun 6,8 %.



1.3.2.SANTO ADRÁN DE COBRES.

Entre 1970 e 2001 a parroquia de Santo Adrán de Cobres experimenta un incremento do seu parque de vivendas do 62,1 %, o que supón un aumento de 192 vivendas. O período intercensal de maior ascenso é 1970-1981, cun 29,1 %, e o de menor ascenso é 1981-1991, cun 9,8 %.

Evolución das vivendas da parroquia de Santo Adrán de Cobres (1970-2001)




Fonte: *Censos de Población y Viviendas. Instituto Nacional de Estadística. Elaboración propia.*

1.3.3.SANTA CRISTINA DE COBRES.

Entre 1970 e 2001 a parroquia de Santa Cristina de Cobres experimenta un incremento do seu parque de vivendas do 111%, o maior de tódalas parroquias, que supón un aumento de 263 vivendas. O período intercensal de maior ascenso é 1981-1991, cun 41,8 %, e o de menor ascenso é 1970-1981, cun 21,1%.

Evolución das vivendas da parroquia de Santa Cristina de Cobres (1970-2001)




Fonte: *Censos de Población y Viviendas. Instituto Nacional de Estadística. Elaboración propia.*

1.3.4.SANTO ANDRÉ DE FIGUEIRIDO.

Entre 1970 e 2001 a parroquia de Figueirido experimenta un incremento do 46,2 % do seu parque de vivendas, o que supón un aumento de 79 vivendas. Os períodos intercensuais de maior ascenso son 1970-1981 e 1981-1991, cun 17 %, e o de menor ascenso é 1991-2001, cun 6,8 %.

Evolución das vivendas da parroquia de Santo André de Figueirido (1970-2001)




Fonte: *Censos de Población y Viviendas. Instituto Nacional de Estadística. Elaboración propia.*

1.3.5. SAN MARTIÑO DE VILABOA.

Entre 1970 e 2001 a parroquia de Vilaboa experimenta un incremento do seu parque de vivendas do 40,3 %, o máis baixo de tódalas parroquias, que supón un aumento de 170 vivendas. O período intercensal de maior ascenso é 1970-1981, cun 23,7 %, e o de menor ascenso é 1991-2001, con tan só un 3,0 %.

Evolución das vivendas da parroquia de San Martiño de Vilaboa (1970-2001)



Fonte: *Censos de Población y Viviendas. Instituto Nacional de Estadística. Elaboración propia.*

1.4. ESTRUTURACION DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.

1.4.1. OS NÚCLEOS URBANOS.

Nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes delimitanse unicamente núcleos rurais. Se ben esta normativa empezou a redactarse a mediados da década dos 80 (fai máis de 25 anos) e nese intre non existían aínda núcleos considerables como urbanos, o certo é que logo destes últimos anos segue sen haber núcleos que acadaran obxectivamente a condición de vilas urbanas, por non ter aínda a complexidade, as interrelacións e o substrato físico propio daqueles, pero da estruturación territorial necesaria para o desenvolvemento do PXOM, e dos condicionantes da clasificación do solo se deriva a necesidade de contemplar algúns núcleos urbanos, por tanto, a todos os efectos o resto de núcleos imos a consideralos como núcleos rurais.

1.4.2. OS NÚCLEOS RURAIS.

Ainda tendo en conta que aos efectos da súa estruturación actual todos os núcleos considéranse aínda rurais, o certo é que xa se teñen producido fenómenos de transformación da estrutura orixinal dos asentamentos. En moitos casos a expansión do feito edificatorio en zonas puntuais como as implantacións de tipo comercial-industrial da zona norte do concello enlazou cos núcleos rurais tradicionais próximos. Noutros casos a expansión dos propios núcleos rurais –sobre todo os asentados sobre das principais vías convencionais de comunicación (tales como as estradas N-554 e N-550) levou á formación de núcleos de hábitat sen solución de continuidade, que xa son, na práctica, núcleos únicos cun certo grao de urbanización.

Pola contra, os núcleos rurais máis afastados da costa e das vías principais de comunicación estancáronse no seu crecemento, mantendo os seus usos tradicionais e, nalgún caso, tendendo á súa despoboación.

1.4.3. EVOLUCIÓN DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.

Segundo o padrón actualizado do concello (o do ano 2001) o número de entidades singulares de poboación no concello era de 62 repartidas así:

Bértola.....	13
Cobres (S. Adrán).....	8
Cobres (Sta. Cristina).....	15
Figueirido.....	9
Vilaboa.....	17

Respecto do censo de 1991, no que atinxe ao número de entidades as variacións son mínimas, resultando un total de 61 entidades (1 menos que neste ano 2001).

A única variación corresponde á parroquia de Santa Cristina de Cobres, pois ofrece esta unha nova entidade que corresponde a un núcleo de recente formación que se ten consolidado nestas dúas últimas décadas.

Para contextualizar axeitadamente estes datos cómpre sinalar que a media da comarca de Pontevedra é de 88 núcleos por concello, elevándose a 101 núcleos para toda a provincia de Pontevedra e a 95 para toda Galicia. Pero este dato non é suficientemente significativo se temos en conta que Vilaboa é un concello de tamaño pequeno, polo tanto podemos relativizar o número de núcleos se temos en conta o número de parroquias, acadando Vilaboa unha media de 12,2 núcleos por parroquia, proporción realmente alta pois supera dabondo a media comarcal (9,5) e a media provincial (9,9), e máis aínda a media galega (8,79). Outro tanto sucede, aínda que máis acusadamente en proporción, se se relativiza respecto da superficie municipal, pois acádase unha cifra de 1,67 núcleos por Km², cando a media comarcal é de 1,17 e a media provincial é de 1,54, superando no 44% a

media galega (1,16), o que confirma realmente que o número de núcleos en Vilaboa é moi alto, tanto en valor absoluto como relativo.

O número de habitantes por entidade, neste momento, desagregado por parroquias é o seguinte:

Bértola.....	46,4
Cobres (S. Adrán).....	176,5
Cobres (Sta. Cristina).....	77
Figueirido.....	91,2
Vilaboa.....	108,6
TOTAL CONCELLO	94,2 Hab/Km2

No que atinxe ás dimensións poboacionais, os 62 núcleos do concello agrúpanse do seguinte xeito:

Parroquias	Nº Ent.	< 100 Hb.	De 100 a 200	De 201 a 500	De 501 a 1.000
Bértola	13	13	-	-	-
Cobres (S. Adrán)	8	2	3	3	-
Cobres (Sta. Cristina)	15	11	2	2	-
Figueirido	9	6	2	1	-
Vilaboa	17	13	2	1	1
TOTAL MUNICIPAL	62	45	9	7	1

Observamos, facilmente que, a porcentaxe de núcleos con menos de 100 hab. é maioritaria (72,6 %), de 100 a 200 hab. é do 14,5 %, tan só hai un 11,3 % de núcleos entre 200 e 500 hab., e 1,6 % de núcleos nos tramos de 500 a 1.000 o que vén a corresponder aproximadamente ao sistema de poboamento medio galego.

As achegas de poboación de cada un dos estratos dos anos 1991 e 2001, son os seguintes:

	1991	2001	% 1991	% 2001
< 100 hb.	1.849	1.831	32	31,4
De 100 a 200	1.076	1.329	18,6	22,8
De 201 a 500	2.154	1.941	37,2	33,2
De 501 a 1.000	706	737	12,2	12,6
TOTAIS	5.785	5.838	100	100

Pódese comprobar coma a distribución da poboación por tamaño dos núcleos é bastante uniforme, e non ten cambiado moito nesta última década, máis ben tende a unha uniformidade aínda maior, pois baixan as diferenzas entre os grupos extremos. Un terzo da poboación vive aínda nos núcleos de pequeno tamaño, outro terzo vive en núcleos de 200 a 500 habitantes, un cuarto viven en núcleos entre 100 a 200 habitantes, e o resto nun só núcleo de máis de 500.

En calquera caso, os condicionantes xeográficos (orografía, releve, solos, etc.) aínda que limitaron as zonas de asentamento, non impediron a creación dun importante número de asentamentos (62 ata a presente década), e que aínda se seguen a manter a pesares de que nalgúns casos estanse a fundir materialmente, debido ao seu crecemento.

O descenso de núcleos rurais (como entidades fisicamente independentes) como consecuencia das tendencias espontáneas operantes nos dous ou tres últimos decenios levou á mestura dalgúns dos núcleos, situados na zona costeira, aínda que esa mestura non é aínda o suficientemente forte como para reflectirse nos censos de poboación. Dos 62 núcleos existentes podemos distinguir 20 agrupacións fisicamente separadas unhas de outras, por tanto 42 entidades de poboación atópanse subsumidas en grupos con outras entidades. Hai que dicir que para o conxunto de Galicia ese fenómeno acadou ao 75 %. Dalgún xeito a estrutura territorial permanece aínda aquí mellor que noutras terras e bisbarras do noso país, sobre todo tendo en conta que nos atopamos nas Rías Baixas nun concello costeiro no que o fenómeno urbano non se ten aínda manifestado como tal. De calquera xeito, a característica máis salientable de Vilaboa é a existencia dun núcleo que salienta en tamaño sobre os demais, aínda que non chegou a acadar aínda a condición de urbano; tal é o caso de Paredes, que tampouco se debe ese fenómeno a ningún tipo de representación administrativa pois a capitalidade do concello está no Toural, un pequeno núcleo que non ten aproveitado esa vantaxe, pois na meirande parte dos concellos esta circunstancia permite acadar a categoría de núcleo máis poboado e centro de prestación de servizos de todo tipo, a nivel xeral de todo o concello (esta última circunstancia si se ten consolidado no núcleo do Toural, pois concentra gran cantidade de servizos para toda a zona norte do concello, atopándose en Riomaioir o seu equivalente para a zona sur).

Xunto a Paredes, aínda que a certa distancia, salientan tamén algúns núcleos máis, que en case todos os casos se sitúan en zonas compostas por sucesión de núcleos ao longo da estrada N-550 e N-554, principalmente nas parroquias de San Adrán, Santa Cristina de Cobres e Vilaboa que en calquera caso aínda manteñan a súa estrutura de núcleos rurais, aínda que van evolucionando na súa complexidade.

Outro grupo de asentamentos nididamente distinto é aquel que comprende a todos aqueles que se sitúan ou ben na zona alta do concello, nas estribacións da serra de Domaio ou os que están notablemente afastados dos viarios principais de comunicación, pois neste caso conservan aínda boa parte da súa tipoloxía tradicional, vinculados en certa medida, aínda hoxe, á explotación do sector primario.

O último grupo de asentamentos (do que atopamos un único expoñente: Larache) é aquel xurdido nas últimas décadas, preto dos núcleos tradicionais pero de xeito máis ben independente, por razóns basicamente turísticas ou de oferta dunha atractiva posición no territorio e situado nas inmediacións da costa, que ten xurdido mercé á parcelación dunha propiedade de gran superficie e actualmente ocupado por vivendas unifamiliares.

Resumindo, podemos dicir que hoxe en día é salientable a inexistencia de núcleos que se poidan caracterizar coma urbanos, tanto polo monto poboacional, como pola estrutura do poboamento, a diversidade de usos, do espazo e a edificación, existencia de servizos urbanísticos, etc. aínda que se dan as circunstancias de partida para a súa formación nas zonas vinculadas aos eixes básicos de comunicación, por máis que o agrupamento de varios núcleos tradicionais se poida considerar xa coma algo distinto ao xeito de asentar tradicional. Pero inclinámonos a seguir tratando o conxunto resultante coma núcleos rurais, onde se dan diversos graos de consolidación ou concentración da edificación e onde a diversidade de usos aumentou pero non coma para considerar ao núcleo como urbano.

Detéctase tamén algún asentamento rural de recente formación, como xa se ten indicado anteriormente, vinculado a usos turísticos, atractivas posicións xeográficas e oportunidades parcelatorias, tal é o caso de Larache, en Santa Cristina de Cobres.

Houbo tamén outras actuacións puntuais, máis ben arquitectónicas que urbanísticas, de gran volume, pouco axeitadas e algunhas seguramente ilegais que só fixeron esnaquizar un contorno e unha paisaxe marabillosa que representa un dos valores máis salientables de Vilaboa que é preciso conservar, non só por esixencias xurídicas, éticas e estéticas, senón tamén por imperativos económicos. Vilaboa ten que “explotar” a súa incomparable natureza e non se pode permitir actuacións que estraguen ese prezado ben. O concello, nisto, xulgamos que ten que ser inflexible atallando estas actuacións a tempo, e por outra banda a canle para as novas implantacións de

asentamentos é unicamente o que se poida levar a cabo nas áreas de solo rústico non protexido ou solo urbanizable nas condicións que se establezan na normativa correspondente, cunha axeitada distribución de equipamentos e espazos libres de uso público que poidan cubrir as necesidades básicas desa nova poboación e parte da que xa está asentada con déficits, ao tempo que lle dan o suficiente atractivo á oferta como para ser desexable no seu contorno e devir en rendibilidade económica lexítima para os axentes que as desenvolvan.

1.4.4.A TIPOLOXÍA E CATEGORIZACIÓN DOS ASENTAMENTOS.

No que se refire á tipoloxía dos núcleos en referencia a súa categoría básica, cómpre sinalar que non están moi diferenciadas, podendo sinalar a consideración de varios núcleos significativos por dimensión ou por un certo nivel de autosuficiencia: Paredes e O Toural, pero que non chegan a diferenciarse categoricamente do resto, polo tanto deberán clasificarse todos os núcleos dentro da categoría de lugares máis ou menos complexos, tal como se recolle no cadro seguinte:

PARROQUIA	LUGAR	POBOACION 2001
BERTOLA	AMPROA	58
	BERTOLA	22
	CERQUEIRO	26
	FILGUEIRA	33
	GANDERON	37
	OUTEIRO	91
	PEDROUZO	56
	RAMALLEIRA	68
	RIAL	66
	RIALIÑA	25
	SABAXANS	12
	SAXOSA	70
	SANTA MARTA	53
COBRES (S. ADRÁN)	CARDIÑA	186
	CURRA	132
	NORES	219
	PAZOS	255
	POUSADA	320
	SANTRADAN	191
	SOBREIRA	51
	UBEIRAS	59
COBRES (S. CRISTINA)	AREIROS	136
	BARCIELA	279
	CARBALLEIRA	24
	CERNADAS	37
	COSTAL	89
	MAGARELLA	108
	MANGUEIRO	29
	MUIÑO	249
	OUTEIRO	0
	PARADELLAS	32
	RIOMAIOR	65
	ROTEA	31
	SEIXAS	3
	VILAR	49
LARACHE	23	
FIGUEIRIDO	ALCOUCE	160
	BALTEIRO	214
	BERGUNDE	64
	BORRATEIROS	131
	BOULLOSA	21
	CASFALCON	46
	CANABAL	82
	CROAS	78
PAZO	30	

PARROQUIA	LUGAR	POBOACION 2001
VILABOIA	ACUÑA	392
	CABADACHAN	54
	CARBALLEIRA	5
	CASALDESANTA	69
	CASANOVA	38
	CASTENLO	11
	CIMADEVILA	39
	CORUXEIRO	15
	GRAÑA	13
	NOVAS	30
	OUTEIRO	67
	OUTEIRO DO GATO	17
	PAREDES	674
	POSTEMIRON	174
	REGUEIRA	27
RIO	24	
TOURAL	121	

1.5. ANÁLISE PORMENORIZADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.

1.5.1. OS USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN.

A información acerca dos usos reflíctese nos planos de información que serven de cartografía-base do presente PXOM que se recolle en planos, a escala 1: 5.000.

Os usos diversos distintos aos de tipo rural (vivenda e agropecuarios) que decote xorden nos núcleos rurais repártense de xeito desigual por todo o territorio municipal vinculados case sempre a núcleos de poboación pero salienta a concentración de servizos específicos en dúas zonas concretas: O Toural (capital ou sede da Casa do Concello) e Riomaior, situados ambos, con certa lóxica, nos centros de gravidade poboacional aproximados da zona norte e sur respectivamente.

Podemos salientar, ademais, usos residenciais diversificados (vivenda individual, e nalgún caso puntual, vivenda colectiva), usos comerciais (oferta comercial tamén diversa) industriais (industria pequena polo xeral, obradoiros, conservas, depuradoras, pequenos varadoiros, etc.), hostaleiros (cafés, bares, clubs, tabernas, restaurantes, hoteis, fondas, etc.) usos equipamentais (ensino, deporte, cultura, etc.); portuarios (pesqueiros, basicamente marisqueiros, en San Adrán e Santa Cristina e tamén deportivos en Santa Cristina). Tamén se dá, lóxicamente, o uso agropecuario mesturado cos citados denantes, uso que se materializa na existencia de pequenos hortos no interior dos núcleos rurais e usos agrarios xerais fóra dos núcleos.

O USO RESIDENCIAL.

É o uso inmensamente maioritario nos núcleos rurais. Concrétase por suposto nas vivendas unifamiliares e nas plantas altas da edificación que está en proceso de mutación a tipoloxías urbanas (con outros usos nas plantas baixas), máis tamén en moitas plantas baixas da edificación. Só nas plantas baixas da edificación situada nas zonas de concentración de servizos ou á beira do viario principal construídas máis recentemente, é onde non aparece este uso, por mor da mímesa de dedicar con carácter xeral a planta baixa a usos terciarios ou a pequenos obradoiros, que se dá nas cidades e grandes vilas.

Os únicos edificios que non conteñen uso residencial son os que acollen ás industrias, xeralmente de maior porte, as que acubillan usos equipamentais públicos ou privados (administrativos, sanitarios, docentes, culturais, relixiosos, etc.) ou algúns dos que están destinados a usos comunitarios, asociacións de veciños, etc.

USOS COMERCIAIS.

A tradicional estruturación do territorio vilaboés, eminentemente rural, tiña xa artellada de sempre unha certa infraestrutura comercial espaxada axeitadamente polo territorio, en función da súa comunidade potencial de usuarios. Ao principio eran unha especie de “bazares” que servían todos aqueles produtos de maior utilización e primeira necesidade para o seu abano de clientes, precisando, iso si, desprazarse a Vigo ou Pontevedra para produtos moi especializados e de adquisición non tan frecuente.

Pouco a pouco nas últimas décadas foise estendendo e especializando a infraestrutura comercial do concello, de xeito que nalgúns servizos concretos xa é a poboación da capital a que vén a abastecerse en locais situados en Vilaboa (estámonos a referir á zona de servizos comerciais-industriais da zona norte).

OS USOS INDUSTRIAIS

Como xa se viu no capítulo 2.3 a industria vilaboesa está en progresivo crecemento debido ao tirón da capital provincial, situada á beira, ofrecendo unha alternativa rendible en canto a custos iniciais que está a facilitar a consolidación e implantación de naves dedicadas (sobre todo as novas) a ramas fabrís de diverso tipo, distintas das tradicionais de alimentación, madeira, moble, transporte e construción, xa implantadas tradicionalmente neste concello.

Estes usos industriais concéntranse sobre todo nas parroquias de Bértola (pola súa situación lindante con Pontevedra) e na de Vilaboa (suficientemente grande e moi ben comunicada).

OS USOS HOSTALEIROS.

Aparecen xa tradicionalmente de xeito espaxado por todo o territorio, aínda que se observa un certo atractivo en épocas recentes para implantacións de maior volume de oferta nas beiras das estradas de maior tráfico, principalmente a N-550, e tamén, pero menos, na N-554.

OS USOS EQUIPAMENTAIS.

Como xa se ten citado están estes usos concentrados en dous núcleos principais: O Toural e Riomaior nos que se aproveitaron terreos iniciais de bastante dimensión pero de distinta orixe: no caso do Toural terreos vinculados á Igrexa e en Riomaior terreos de recheo en zona costeira.

Existen tamén equipamentos que se espaxaron polo resto do territorio, en función dos espazos dispoñibles polo concello ou as administracións titulares deses equipamentos.

OS ESPAZOS LIBRES.

A evolución económica e social (non só en Vilaboa senón xa a nivel xeral) tendeu a un incremento progresivo destes espazos nos núcleos e parroquias, con algunha actuación supramunicipal de envergadura como a de Coto Redondo, acadando unha superficie total máis que suficiente, segundo os estándares oficiais, pero aínda insuficiente segundo o nivel de vida que se pretende acadar tanto para a poboación existente como para a

prevista no horizonte do planeamento, pero é esta unha eiva que se terá que corrixir, tanto dende a política de actuacións do concello como no planeamento que agora se acomete, mediante a imposición de cesións, nas zonas de novo desenvolvemento ou nos propios núcleos rurais cando se leven a cabo os seus Plans Especiais de Mellora.

1.6.AS TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS.

1.6.1.TIPOLOXÍAS URBANAS.

A inexistencia ao noso entender, de zonas obxectiva e funcionalmente identificables como urbanas (aínda que clasifiquemos dous núcleos deste xeito) non significa que algunhas das edificacións nalgúns núcleos con certa tradición administrativa, ou vinculados ao viario xeral, ou ben cunha certa tendencia burguesa non tiveran adoptado tipoloxías edificadoras máis propias dunha vila que dunha zona rural, que empezaron a inzarse xa dende principios do século XX.

Trátase dunha edificación xeralmente de dúas plantas con algúns exemplos de tres (xa máis recentes) nalgún caso (excepcional) construída entre medianeiras ou con arrimo; pero tamén se atopa a edificación exenta rodeada de horta e/ou xardín. Trátase de edificacións que utilizan como material estrutural básico e de cerramento a pedra, en aparellos moi diversos para os paramentos exteriores (sillares, perpiaños, mampostería concertada e desconcertada, etc.). Esta última, adóitase enlucir e pintar ou encalar nalgúns casos (aínda que xa está case perdida esta costume) deixando só sen pintar a pedra traballada nos recercados de ocós (portas, portas de aire, fiestras) e tamén –en certos casos- os esquinais de encontro dos paramentos exteriores. A pedra proviña de canteiras de préstamo da propia zona.

A carpintería tradicional –tanto interior coma exterior- era de madeira (no exterior, pintada; no interior, pintada ou vernizada). De madeira eran tamén os forxados e a estrutura da cuberta. A cuberta construíase, adoito, con dúas, tres ou catro augas, con cubrición de tella cerámica.

No que respecta á composición de fachadas asistimos a unha certa diversidade. A maioría dos edificios dispón de dous ocós na planta baixa (porta e ventá). Outros dispoñen de tres: porta no centro e ventás ás beiras. Adoítase ser frecuente un notorio acerto compositivo a base de facer concordar os ocós da planta baixa cos das planta(s) superior(es). É corrente a construción de balcóns de diferente fasquia, en xeral corridos e de moi pouco voo. Nas vivendas de tendencia burguesa aparecen balcóns individualizados para dar saída a ventás, voando lixeiramente. Cando non hai balcóns voados soen darse as portas de aire con varanda a pano co paramento exterior.

Os ocós de ventilación adoitan ser alongados (no sentido das xambas) ou tendendo á cuadratura. Nunca se construíron ocós horizontais (con linteis máis longos cás xambas) na edificación tradicional.

Xa en tempos recentes, dende fai uns 30 ou 40 anos, á beira desta edificación tradicional, e principalmente sobre dos eixes viarios principais foron xurdindo edificacións de maior volume, e con maior altura (3 ou 4 plantas nalgúns casos espaxadas e puntuais, iso si) ás veces para usos hoteleiros, nos que se esqueceron as tipoloxías e os patróns construtivos tradicionais, para producir uns exemplos que mimetizan –en xeral- o peor da arquitectura chamada “internacional”. Amén dun grave atentado paisaxístico, supoñen na meirande parte dos casos unha macización incompatible coa estrutura viaria e territorial na que se inzan tales edificios, creando unhas disfuncións de moi difícil corrección. Mención aparte neste eido corresponde ás edificacións de uso comercial-industrial, ás que xa nos temos referido na zona norte do concello, que supoñen a sublimación do desfase volumétrico, tipolóxico e construtivo, respecto do seu contorno rural. Dende o punto de vista tipolóxico, son construcións que alteran as constantes construtivas –patróns arquitectónicos- en todos as ordes: volume, altura, materiais da estrutura e de cerramento, cubertas, materiais de cubrición, aspectos compositivos, carpinterías, voos, etc. e nalgún caso a falta de remate de construción, deixando estruturas ou muros de ladrillo á vista, constitúen a puntilla final.

Esa degradación producida polo efecto combinado de factores coma xurdimento de novos roles, aparición e desenvolvemento da especulación, falla de profesionalización dos axentes urbanísticos, incumprimento do planeamento municipal, alto grado de aculturación da poboación, xeralización de pautas de comportamento dun modelo social mundial uniformizador e esclerótico...; a listaxe de causas é abondo longa. Inclúe, por suposto, a ausencia de aplicación dunha mínima disciplina urbanística dende o xurdimento do fenómeno (anos 60-70) cando menos, ata a redacción dos primeiros planeamentos municipais.

1.6.2.TIPOLOXÍAS RURAIS.

Agás algúns exemplos de edificación paceña, no medio rural vilaboés a edificación rural tradicional correspóndese coas características propias dunha “fábrica” agrícola. Non hai nas zonas rurais o que poderíamos chamar edificación burguesa, aínda que si se pode detectar a existencia dalgún edificio que por localizarse á beira da estrada (ou naqueles núcleos nos que tradicionalmente se prestan servizos de carácter xeral) presenta unha fachada que se asemella a ese tipo de construción máis villega. De calquera xeito non ofrendan características singulares acusadas, verbo das do resto da comarca.

A edificación residencial, por regra xeral, ten un chisco máis de altura de cornixa que a edificación mariñeira, determinada loxicamente, polos usos agrogandeiros propios desta zona, mesmo naquelas onde se combinan as faenas da terra coas do mar. É unha edificación, xeralmente sen voos; no entanto, existen exemplos de solainas e corredores. Son casas de pedra, pero con fábricas –polo común- pouco traballadas. A maioría son de cachotería ou mampostería (ás veces enlucida) na edificación principal (ou nas zonas da “fábrica agrícola” que se utilizan coma residencia) e sen enlucir nas edificacións complementarias.

A pedra máis traballada, que se adoita deixar vista para acusar a verticalidade no caso dos ocos de aireación e iluminación, úsase preferentemente en xambas e linteis de portas e xambas, linteis e antepeitos de ventás. O resultado ten decote grande valencia compositiva.

A edificación de carácter relixioso ten mostras de interese, tanto nas igrexas parroquiais, como capelas e casas reitorais.

As edificacións complementarias –hórreos, adegas, alboios, cortes, pombais, etc.- teñen igualmente representación importante no conxunto da edificación rural.

Á beira das tipoloxías tradicionais, foi aparecendo aquí no rural, tamén nos últimos anos unha edificación desleigada do medio, que responde a usos xa non enteira nin maioritariamente agropecuarios e/ou mariñeiros; e que, polo mesmo, incorpora elementos típicos da edificación urbana. Adoita disporse tanto en substitución da edificación tradicional coma en novas localizacións, xeralmente algo afastadas dos núcleos tradicionais, en nidia expansión de mancha de aceite. É unha edificación exenta e illada, cunha pretensión de instalación do “chálete”, mesturándose formas e patróns doutras latitudes e enxendros absolutamente desleigados do medio no que se insiren provocando unha grave deturpación da paisaxe rural que debe corrixirse co control de tipoloxías e concienciación da poboación. Plantas, materiais, tratamento de cubertas, dimensións de ocos, voos compactos e ata técnicas construtivas equivocadas ou mal aprendidas constitúen un numeroso abano de despropósitos que, afortunadamente, aínda non se xeneralizaron de xeito irremediable.